



## MANIFESTO 25 DE NOVEMBRO

Unha vez máis, a conmemoración do 25 de novembro reúnenos a institucións públicas, organizacións sociais e sociedade civil para mostrar o noso sentimento compartido de dor e repulsa ante a persistencia da violencia machista que incide con maior enxañamiento cara ás mulleres.

Non é só cuestión dun día e sabémolo, son os 365 días do ano os que precisamos ter o compromiso colectivo activo para conseguir acabar con esta violación dos dereitos humanos. E tampouco é cuestión de siglas políticas; toda a corporación municipal, tanto quen estamos no grupo de goberno como quen integran a oposición, facemos causa común ante a necesidade de avanzar en formas efectivas para acabar coa violencia de xénero.

A experiencia deste ano, e a gran resposta e mobilización cidadá conseguida a través da campaña *A Coruña en negro contra as violencias machistas* móstranos a necesidade de coidar e alimentar aínda máis os procesos de participación cidadá, mentres reforzamos a de rede de servizos municipais especializados de atención directa a mulleres en situacións de violencia de xénero. Aprendemos da cidadanía coruñesa da súa xenerosa resposta e implicación, e desde o Concello da Coruña, asumimos o compromiso de seguir traballando na prevención, educación e detección precoz das violencias, e tamén o de buscar conxuntamente unha resposta máis eficaz ante as situacións de urxencia e emerxencia social que provoca a incidencia da violencia de xénero.

O noso compromiso materialízase tamén no impulso dun *Pacto Social por unha cidade libre de violencias machistas*, no que toda a cidadanía está chamada a formar parte activa e a través do que buscaremos a implicación de todas as institucións públicas vinculadas á abordaxe desta problemática: as asociacións de mulleres e movemento feminista, os sindicatos, as organizacións



empresariais e entidades do ámbito social, educativo e deportivo, colexios profesionais, asociacións veciñais, de comerciantes, hostalaría, medios de comunicación e quen queiran sumar forza e recursos para construír colectivamente unha convivencia na cidade da Coruña, libre de violencias.

Por todo iso, desde o Concello da Coruña reafirmamos hoxe, 25 de novembro de 2016, o noso compromiso con:

- Manter na axenda política municipal a abordaxe institucional prioritario para acabar coas violencias machistas nas súas diferentes formas.
- Promover a aplicación efectiva do marco normativo existente, instando á ampliación da cobertura legislativa actual, reforzando a dotación orzamentaria necesaria para o seu cumprimento, así como o desenvolvemento e implementación do Convenio de Istambul e das recomendacións da CEDAW.
- Identificar a incidencia de formas de violencia provocadas pola persistencia da cultura machista na cidade.
- Elaborar un Plan municipal de repulsa da violencia de xénero con medidas de actuación participadas coa cidadanía.

Queremos que os minutos de silencio ante a dor por cada muller asasinada transfórmense colectivamente nun maior compromiso e aposta firme para desterrar todas as formas de violencia.

**Queremos A Coruña libre de violencias machistas!**

A Coruña, 25 de novembro de 2016